

COMISIÓN DE GARANTIA DE CALIDADE

Sesión do 23 de febreiro de 2011

No Decanato da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión de Garantía de Calidade, o mércores, día 23 de febreiro de 2011, ás 17 horas, en primeira e única convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. **Informes da Presidenta**
2. **Aprobación, se procede, das modificacións realizadas na documentación da Memoria do Master “Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais”.**
3. **Posta en marcha do Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia.**
4. **Modificación na composición dos membros da Comisión de Garantía de Calidade (sector alumnado).**
5. **Rogos e preguntas**

Disculpan a súa asistencia:

Maria López Díaz (motivos laborais), Susana Reboreda Morillo (asuntos personais), María Dolores Dominguez Pereira, Pablo Sánchez Ferro (motivos de saúde) e Raquel Gandón (motivos laborais).

1. Informes da Presidenta

A Presidenta informa dos resultados de avaliación anual do Sistema de garantía Interna de Calidade da Facultade de Historia, remitido pola ACSUG, cunha valoración global POSITIVA. Tras esta avaliación abordárase a súa revisión co obxecto de definir liñas de mellora e cumprimentar as suxerencias que se indican.

Enviáronse impresos para a campaña de Captación de Alumnos e se farán trípticos para enviar aos centros de ensino secundario das provincias de Ourense, Pontevedra e Lugo.

Cumprimentáronse a información requerida pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade para dar información pública sobre a oferta das nosas Titulacións (obxetivos, perfil de alumnos, saídas profesionais, etc.).

2. Aprobación, se procede, das modificacións realizadas na documentación da Memoria do Master “Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais”.

A Presidenta disculpa que non se fixera unha reunión para tratar este tema nos meses de novembro ou decembro, motivado polos cambios que houbo que facer para modificación das prazas do Master que figuraban na Memoria e que tiveron que ser aprobados na Xunta de Centro, COAP e ASUG, estando agora a súa tramitación na ANECA.

3. Posta en marcha do Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia.

Púsoxe en marcha o Plan de Acción Titorial do Centro coa asignación de profesores-titores para os dous cursos de Grao. Dende o Decanato estanse a

manter reunións cos representantes do alumnado para información e canalización dos diversos aspectos da vida universitaria e próximamente se recollerán as fichas de seguimento dos titores cos seus tutelados.

4. Modificación na composición dos membros da Comisión de Garantía de Calidade (sector alumnado).

Por renuncia da alumna Aránzazu Fernández Quintas, pasa a formar parte como membro do SGIC do Centro (sector alumnado) a alumna Marta López López.

5. Rogos e preguntas

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo doi fe como Secretaria.

A DECANA

A SECRETARIA

M^a Milagros Cavada Nieto

Yolanda Barriocanal López

ASISTENCIAS	AUSENCIAS XUSTIFICADAS
Equipo Decanal	
Milagros Cavada Nieto	
Elena de Uña Álvarez	
Yolanda Barriocanal López	
Representantes do PDI	
Jesús de Juana López	
María López Díaz	AUSENCIA XUSTIFICADA
Susana Reboreda Morillo	AUSENCIA XUSTIFICADA
Representantes PAS	
M ^a Dolores Domínguez Pereira	AUSENCIA XUSTIFICADA
Representantes do Alumnado	
Marta López López	
Representantes dos Egresados	
Angel Domínguez López	
Representantes da Sociedade	
Julio Rodríguez González	
Pablo Sánchez Ferro	AUSENCIA XUSTIFICADA
Representante da UTC	
Raquel Gandón	AUSENCIA XUSTIFICADA